

**Testamento**

**do Burro**

**do**

**Mota**

**Entroido 2009**

Laza

Viña subindo a Picota  
Cun saco de sentimentos  
Mirando pras vosas caras  
Ollei e vinvos contentos.

Ei ven o Testamenteiro  
Coa súa garda pretoriana,  
Un cento de Peliqueiros  
Fanlle o camiño con gana.

A Picota engalanada  
Co novo manto de pedra,  
Viunos pasar orgullosa  
E nos orgullosos dela.

Por que ela nos viu nacer  
Por que ela nos viu medrar  
E de camiño cara o atrio  
Cantas vidas viu pasar.

Vixilante implacable  
De nenos mozos e vellos,  
Testigo sempre presente  
Na historia deste concello.

No Entroido cos Peliqueiros,  
No Santo Cristo coa Eva,  
Na procesión dos Caladiños,  
Nas Formigas e a Morena.

No Nadal cantando os reis,  
Cos Danzantes e co Adan,  
Orgullosa vendo o Outeiro  
Co noso patrón San Xoan.

Co Abraham e o Isaac,  
Co Díos e o seu xuramento,  
Co que ides a escoitar  
Que é este novo testamento.

En condicións moi estrañas  
Morreu o Burro do Mota  
Uns din que se afogou  
Outros din que foi da gota.

Houbo tamén quen me dixo,  
Non sei si será ce coña,  
Que o pobre quedou atufado  
Cun peido do cu da Toña.

Se foi así Díos nos libre,  
Entonces pobre burriño,  
Xa non quero nin pensalo  
Quedaría desfeitoño.

Aínda me acordo del,  
Levoume en ben “xitanadas”  
E tamén me zapateou  
Onda casa do Carradas.

Chorando dicía a Toña,  
Pobre burro mal pecado  
Cantas veces me cárgache  
No teu lombo ata o Solado.

Pois mecajo no carallo  
Tiña que estar ben dotado  
Co peso que ten a Toña  
Había quedar derreado.

Cantos feixes de ferraña  
Apáñache condenado,  
Ó rozar o cu na albarda  
Deixábasmo colorado.

El carrexaba nos mollos  
Fixese frío ou calor,  
Alá ó romper o día  
Era o meu espertador.

Igual que un relo Suízo,  
Non fallaba un segundo,  
Esporrenado no curral  
Espertaba a todo o mundo.

Solo vos tiña un defecto  
Que non podía evitar,  
Cando andaba algo saído  
Montaba sen preguntar.

Un día sen ir máis lonxe  
Ei no medio da Picota  
Meteu un brinco a cabalo,  
E case desvirga ó Mota.

Así recorría o pobo  
Chingando por as cortellas  
Montando en todas as burras  
Ben foran novas ou vellas.

O pobre valía para todo  
Sen dubida era o mellor,  
Si facían a cabalgata  
Il levaba ó rei Melchor.

Semellando a un camello  
Portaba o equipaxe,  
A Toña ía de rei mago  
E o Mota de ía de paxe.

Pro un día atopouse malo,  
Deron o toque de queda,  
Chamaron a unha ambulancia  
Que o levara pra Maceda.

Dicía o Alfredo da Julia,  
Que maliño ía o animal,  
Nese estado lamentable  
Non vai chegar ó hospital.

Así foi, cajo no demo,  
Ai que vida tan ingrata,  
No alto da Requeixada  
Alí estirou a pata.

-----

Teño aí atrás gardado,  
Estanmo picando en talladas,  
Mentres tanto non o traen  
Falemos doutras caralladas.

Hai cousiñas deste ano  
Que é preciso que as explique,  
As nevadas, o da crises,  
O internet e o chiki chiki.

Co demo do temporal  
Seica houbo algún veciño  
Que co frío que aquí fixo  
Conxelóuselle o cuchiño.

Ocurriuseme unha cousa  
Que vos poderá gustar,  
Que pode saír na tele  
E que vou a interpretar.

**Este ano con tanta nevada  
Carallo, paseino moi mal  
Conxeláronseme os troles  
Foi algo descomunal.**

**Aínda pondo un braseiro  
Aquele era bestial  
Durmindo con seis polainas  
O frío entrábame igual.**

**Con dúas mantas eléctricas,  
Cómo un sándwich vexetal,  
Éra como se estiveras,  
En pelotas no toural.**

**A roupa no tendedeiro,  
Non conseguía secar,  
Fun cos gallumbos cagados  
Por non podelos lavar.**

**En Camba e na Alberguería  
Andaban a rabexar  
Corenta tangas e bragas  
Non daban pra se mudar.**

**As mulleres no rosario  
Andaban a murmurar,  
Si o crego non pon a estufa  
Cambiamos pra os de Jehová.**

**O cura de Cervedelo,  
Ó tempo de consagrar,  
Levaba hielo no viño  
Cómo os cubatas do bar.**

**O braseiro non quentaba,  
Os radiadores igual,  
A estufa de gas butano,  
Metía un frío infernal.**

**Díxolle o Rafael a Carme,  
Aquí hace un tiempo glacial,  
Me marxo pa andalucía,  
Me cambio a gas natural.**

-----

**Sempre nos ha de vir algo,  
Pero algo que nos foda,  
Este ano é o da crises  
O tema que está de moda.**

**Pero eso aquí en Laza  
Pouca importancia lle damos,  
Por que levamos con ela  
Por aí seiscentos anos.**

As mulleres dinlle ós homes,  
Cando eles queren chingar,  
Sabes que estamos en crises,  
Cariño hai que aforrar.

Eles dicen mentres tanto,  
Ai que tía máis “cabrona”,  
Esta pensa recarallo,  
Que estamos no Mercadona.

As medidas anticreses  
Xa se empezan a notar,  
Pois en todos os comercio  
Empezou a funcionar.

Vanlle buscando o xeito,  
Os bares son os primeiros,  
Están facendo estratexias  
Pra aforrar algún diñeiro.

Eí está o Nicolás,  
Anunciou nun carteliño,  
Quen queira tomar café  
Que traia prato e pocillo.

Os do Ardillas van máis lonxe  
Ten a oferta do vermú,  
Pra aforrar en persoal  
Se queres sérveste tú.

O Kas tamén anunciou,  
Cómo andaba a dúas velas,  
Quen queira xogar ás cartas  
Vai a ter que traelas.

Seica pensou a Alicia,  
Non está mal ocorrido,  
O ultimo que salga do bar  
Teno que deixar varrido.

O Claudio andou matinando,  
Deulle voltas a cabeza,  
¿Que podía facer eu  
Pra atallar esta pobreza?.

Inventou logo unha cousa,  
Xa veredes con que fin,  
Sacou catro xogadores  
Do raio do fútbolín.

Pero Claudio, díxenlle eu,  
Penso que aí te pasaches,  
Contestoume convencido,  
Así aforro en fichaxes.

O que argallou o Pistijos  
Fíxocheme moita gracia,  
Quen queira café cortado  
Que traia a leite da casa.

A Helena de Souteliño  
Tivo a idea dá empanada,  
Pra aforrar uns euriños  
Por dentro non leva nada.

En mentres no bar da Rúa,  
Para atraer máis a xente  
Si tomas un wiski chivas  
Regálanche un cambio de aceite.

Pois a oferta non é mala,  
Estache moi ben pensado,  
Dese xeito aproveitan  
Por que está o taller ó lado.

Os do bar da comisión?  
Ai que listos, por favor,  
Alá teñen ó Xelois  
Vestido de presentador.

Dice el todo convencido  
Mentres serve nos xastrés,  
Envía la palabra RICO  
Al siete cuatro cuatro tres.

Te parece una chorrada?  
Te digo que no lo es,  
Pues me llevo un porcentaje  
Que me da Antena tres.

O tema este da crises  
Tamén chegou ós comercios  
Están coa mosca tras da orella  
Buscando axustar os prezos.

O Pepe do Rei e a Loli  
Viñéronseme queixando,  
Cómo siga así o choio  
Tomamos medidas e andando.

E que poderán facer  
Pra aforrar nesta viola?  
Por qué non quererán vender  
Sostés cunha teta sola?

Pois isto xa o estou vendo  
O que algunha xente matina,  
Pra aforrar, os pantalóns  
Hanos facer sen petrina.

Díxome o Cura Don Luís,  
Pois no meu tamén se nota,  
Que agora ó pasar a bandexa  
Algún ata colle a volta.

Vaivos ter razón o Crego  
Que o clero viuse afectado  
Pasou da misa cantada  
Ó responso asubiado.

Agora o Señor Abade  
Ata seica fai ofertas,  
Ten o día do espectador  
E a xornada de portas abertas.

-----

Esto non é o que era  
Os tempos están cambiando  
Eso pódeo ver calquera  
Que imos evolucionando.

Antes non había casa  
Que non estivera presente  
Un tixolo, unha forquita,  
Ou a pota da augardente.

Un candil unha gadaña,  
Unha fouce ou un martelo,  
O arado ou o xugo,  
Tamén había que telo.

Quen tiña unha motoreta  
vaia cousa máis preciosa,  
O mesmo que si tiveras  
Un ferrari testarosa.

Se te vían cun carretillo  
Dicían, ese quen é?  
Cómo cando vas agora  
Con un coche sen carné.

Pero esto xa cambiou  
Daquelo non queda nada  
A vida evolucionou  
A xente está preparada.

Na azotea a parabólica,  
Na cociña o televisor,  
Na mesiña o MP4,  
E no salón o ordenador.

Manda carallo na habana,  
Non sei cómo coño é,  
Que todo cristo no pobo  
Está enganchado a internet.

Deste xeito compañeiros  
Vai chegando a evolución,  
Xa estamos aquí en Laza  
Na era do punto com.

Empezouse pouco a pouco  
Pero agora xa é crónico,  
Calquera veciño do pobo  
Tenvos correo electrónico.

O da Carme do Correos  
Chamoume moito a atención,  
La conserge guión @  
Cabalete punto com.

Non quixo quedar atrás  
E a Consuelo, vela aí tes,  
consuelolamonja@  
primitiva punto es.

O cura tamén ten correo  
Pero este évos máis bribón,  
Yo los santos me los vendo  
Algarroba punto com.

Outro que anda é o Rubes  
Neste mundo do internet,  
Sexy boy rubes @  
brasileiras punto net.

O Toni do Catalan  
Home serio ondeo ves,  
Eltoni cubata @  
Me lo chucho punto es.

-----

E falando da Consuelo,  
Dicen que anda enfadada  
Por que leva xa dous anos  
Que do burro non lambe nada.

Seica tubo un ano malo  
E anda como unha moto  
Pois non pasa dos tres números  
No raio da bono loto.

Que lle gustan as quinielas  
Non fai falta que o diga,  
Iso xa ven do convento,  
Chamábanlle Sor primitiva.

Menos mal que colgou os hábitos  
Por que vexo que senón  
De seguir aínda de monxa  
Sería Sor euro millón.

O día da cabalgata  
Foi falar co rei Melchor  
Díxolle entón a Consuelo  
Vou a pedirlle un favor.

O rei mago compracente  
Contestoulle con voz calmada,  
Pida vostede o que queira  
Que será agasallada.

Nin brillantes nin vestidos,  
Non quero coche nin moto,  
Veño pedirlle unha maquina  
Para acertar a bono loto.

Vaia uste alí máis adiante,  
Eu non lle podo axudar,  
Ese tema das quinielas  
Lévao o rei Baltasar.

Aquí veño maxestade  
E non é por incordiar  
Que eu cubrir cubro quinielas  
Pero cústame acertar.

Ah, entón non é aquí,  
Vaime ter que perdoar,  
As cousas esas da sorte  
Ten que falar co Gaspar.

Jelouuuu!!  
Mandáronme aquí onda vostede  
As dúas plepas aquelas,  
A ver si me dera sorte  
Para acertar as quinielas.

Xa non traballamos iso,  
Contestoulle entón el,  
Desde que entrou o Touriño  
É cousa do Papa Noel.

Arrenejado sexa o demo,  
Isto non hai quen o entenda,  
Facedesme dar máis voltas  
Que cando vou a facenda.

Non contenta co asunto,  
Manda carallo na Habana,  
Pedi audiencia en Santiago  
Pra reunirse co Quintana.

Véñolle moi enfadada,  
Tráíolle o corpo alterado,  
Pois sacáronme de Laza  
O maquinillo do sellado.

Preséntome aquí esperando  
Que me arranxe este jaleo,  
E ver si valen os sellos  
Que se usan pro correo.

-----  
Voume meter cos políticos,  
E non é con outro fin,  
Que o de buscar algún xeito  
De que algo me toque a min.

Cando entrei no hemiciclo  
Estando alí colocados  
Quedei mirando pra todos,  
Parecíamos deputados.

Procurei non pensar neso,  
Pro sabedes cómo son,  
Empecei xa sen querelo  
A buscar comparación.

O primeiro o secretario,  
Alí no medio tan mono,  
Parecía o presidente,  
Refírome ó José Bono.

Ó ver ó alcalde coa barbiña,  
Eu non sei cómo che foi,  
E dixer, manda carallo,  
Parecéuseme ó Rajoy.

Pegadiño á man esquerda,  
Cousa que non vos entendo,  
O sito de Souteliño  
Escoitando todo atento.

Non sacaba ollo do jefe  
Con total dedicación,  
Xa o teño, dixer logo,  
Este é Ruiz Gallardon.

Un pouco máis para alá  
Asentado nun banquete  
O Randas de Villameá  
Parecía o Arias Cañete.

Concentrado no papel  
Arranxándose as melenas,  
O Moncho de Matama,  
Igual co Javier Arenas.

A xuzgar por o que fala,  
Dubidei quen parecía,  
Si lle poño unha perruca,  
Soraya Saenz de Santamaría.

Despois a Irene de Toro,  
Que non lle pareza mal,  
Pero fósime a cabeza  
Pra Dolores de Cospedal.

Se dixer de Cos...pedal  
Que non pense, vaia jeta,  
Pois non ten nada que ver  
Ni con viño nin coa bicicleta.

Do outro lado a oposición,  
Non hai Deus que volo entenda,  
A dereita está na esquerda  
E a esquerda na dereita.

Alá un pouco para un lado  
O grupo nacionalista,  
Con estes non teño dubida,  
Amor a primeira vista.

De repente non sei cómo  
Veume algo o pensamento,  
Vin ó Veiras co zapato  
A golpes no Parlamento.

Aínda que está retirado  
Creouse moi boa fama,  
O Dodo sería o Veiras  
E o Portajero o Quintana.

E quédanme os Socialistas,  
Estes voules dar de quero,  
Alí mirei para o Geli,  
Dixer raio!! o Zapatero.

Xa sei que estará pensando,  
Mira este cara de cona,  
Si lle chamo Zapatero  
É por o Luis Barcelona.

Sei que estades agardando  
Haber que me toca a min,  
Si o Geli é o Zapatero  
Eu serei... Leire Pajín.

E se non vos gusta esta  
Buscáime outra, non hai pega,  
Podo ser Maria Teresa  
A Fernandez de la Vega.

Anque eu vou máis á esquerda,  
Esa esquerda imaxinaria,  
Pois mirade a miña cara  
Igualiño á Pasionaria.

Moitas veces de muller  
Me houben de disfrazar,  
E o Pelito Fiadeira  
Ata me quixo violar.

-----  
Ía por a Rúa o outro día  
Atopeime co Enrique  
Preguntoume se sabía  
Que era iso de chiki chiki.

Non cho sei moi ben Enrique,  
Nin sei cómo cho explicar,  
Só sei que algúns o bailaban  
A noite de se casar.

Bexea, bexea...  
Digo..perrera, perrea.

O chiki chiki  
É o baile de moda  
É algo especial  
Na noite de voda.

O chiki chiki,  
Bailouno o Cabrita,  
E dixo que a muller,  
Se puxo moi “loquita”.

Co que a ela lle gustou  
Fixo o salto do tigre  
Marchou enriba del ,  
Jasus, Dios nos libre.

O pobre Cabrita  
Quedou derreado  
Co peso que ela ten  
Deixouno escarallado.

Dicía o Manolo,  
A cousa está arranxada,  
Bailamos chiki chiki  
E aquí non pasou nada.

Un... o cu patras,  
Dous.. brazos pra un lado,  
Tres.. estilo Fraga,  
Catro... balanceando.

O chiki chiki  
O chiki chiki  
Despois de bailalo  
Botamos un kiki.

O chiki chiki  
É unha pasada,  
Bailouno o Galo  
Tamén a Colorada.

A noite de vodas,  
Velo para crelo,  
Non sei que pasou,  
Quedaron sen facelo.

Aquela mesma noite,  
Xa estaban preparados  
Pariulle unha vaca,  
Quedaron amolados.

Que noite máis negra,  
Menuda cagada,  
Pasouna cunha vaca  
En vez da Colorada.

Entonces compañeiros  
Pra que vos vou contar  
Coa vaca Cabana  
Empezou a bailar....bailar..bailar.

Un.. o cu patras,  
Dous... brazos pra un lado,  
Tres.. estilo Fraga,  
Catro.. balanceando.

O chiki chiki  
O chiki chiki  
Despois de bailalo  
Botamos un kiki.

O chiki chiki  
Molache seguro,  
Bailouno a María  
Tamén o Canguro.

Na noite de vodas,  
Querían “mollascar”,  
Pero el non arreaba  
Non podía saltar.

Que che pasa Cangu?  
Díxolle a María,  
Haber sis saes do bater  
Que estou quedando fría.

Non é que non deba,  
Non é que non queira,  
Comín moito marisco  
E teño “caganeira”.

Xa sabes, dixo il,  
Que iso a min me encanta,  
Eu quero chiki chiki  
Pro non se me levanta.

Un.. o cu patras,  
Dous... brazos pra un lado,  
Tres.. estilo Fraga,  
Catro.. balanceando.

O chiki chiki  
O chiki chiki  
Despois de bailalo  
Botamos un kiki.

-----  
Deste xeito compañeiros  
Xa empezo a repartir,  
Recollede se vos toque  
E senón a velas vir.

A Mila do Medenillas,  
A filla e a Pepa do Maxi,  
Doulles a albarda do animal  
Pra cando collan un taxi.

Quedoulles o coche parado  
No medio da carretera,  
Colapsaron todo o trafico  
Si o vedes, vaia tela.

Dicía a Mila e a Filla,  
A nós que máis che nos da,  
O coche é do Medenillas  
Que chamen á autoridade.

Eso non, dixo a Pepita,  
Non me toques o nabo,  
Que o meu home é tenente  
E igual o baixan a cabo.

Ala vai o Medenillas  
Rescatalas a Castrelo,  
E quedou alucinado  
Ó chegar e ver aquilo.

O pobre ia preocupado  
Pensou que quedarán solas,  
Pro estaban cós policías  
Tomando unhas cocacolas.

Que te paso Medenillas?  
Díxolle o Lelo ó chegar,  
Vengo todo acontecido  
Agora te voy contar.

“Andi luego, andi luego,  
No ze puede ni creer  
Estaba un guardia trafico  
Ligando con mi mujé”

Di un berro por que ví  
Al otro que iba al grano,  
Tenia a la Pepita a tiro  
Le quería meter mano.

Como vi la cosa chungu,  
Y yo estaba también a la cola,  
Dije, al que se acerque a mi  
Le corto la miringola.

Ó Manolo Granaino  
Téñolle o rabo gardado,  
Que de ser home solteiro  
Vai pasar a ser casado.

Non ha de haber voda igual,  
Está todo pobo invitado,  
Dende o Couto ata o Cerdeiro,  
De Souteliño ó Solado.

A primeira invitación  
Foilla levar á Norita,  
Ela dixo eu non che vou  
Por que ando a caldos de pita.

A segunda foilla dar  
A Benita do Morañas,  
E pediulle de regalo,  
Un touciño e unhas castañas.

Agarrou pista para abaixo  
Onde a Benita do Ito,  
Estades os tres invitados  
Pro al cadelo no lo invito.

E marchou onda o Carroucas,  
“Aquí te vengo a invita  
Pa que seas mi padriño  
Por que me voy a casá”.

“Cómo vas ser el padriño  
Y por mucho que te joda  
Tendrás que vender las ovellas  
Pra poder pagar la boda”.

Así por o pobo enteiro  
Foi logo invitando ás xentes,  
Fixo todo o mesmo día  
O dos santos inocentes.

Manda carallo na Habana,  
O que este non se lle ocorra,  
Xa o di ben o Carroucas,  
Eres ben mama na burra.

O Seirante non da unha,  
Que lle vamos a facer,  
Foi onda el un peregrino  
Preguntarlle onde comer.

Non sei que lle entendería  
Que marchou ó chapitel,  
Agarrou a escopeta  
Apuntando de cara el.

Alí tiña o peregrino  
Cos dous brazos levantados,  
Pensando que si sería  
Algún dos encapuchados.

Yo solo le preguntaba  
Si era el alto del Solado,  
E o Seirante entendeuille,  
Alto, soy encapuchado.

Pra que escoite entonces ben  
E non meta máis a pata,  
As orellas deste burro  
Voullas dar que fanlle falta.

-----

Pro Nando de Matama  
A parte do burro que incha,  
Non sexades mal pensado,  
Refírome á cagarrincha.

Caeulle un marrau  
No pozo da merda  
Votouse por el  
Pensando na perda.

Saíu a muller  
Igual que unha loba,  
Por Díos acudídeme  
Que o Nando se afoga.

Chegou o Vaquilla  
Correndo a presa,  
Zampouse, pero antes,  
Sacou a camisa.

Díxolle o Crispin,  
Non fagas bobadas  
Nin é unha piscina  
Nin as olimpíadas.

Ó oír tanto ruído  
O Toño chapista  
Votou a correr  
Ó largo da pista.

Chegou tan lanzado,  
Con tanta firmeza,  
Que non deu freado  
E marchou de cabeza.

Veu o caballero,  
Votarlle unha corda  
Tiraron por el  
E foi por a borda.

Os dous do Bombeiro  
Vendo a cousa fea  
Chimpáronse dentro,  
Subiu a marea.

Mecajo no demo  
A merda saltou  
E a todos que estaban  
Os “batuxou”

Sen mediar palabra  
Chimpouse o Besteiro  
Pensando que os outros  
Buscaban diñeiro.

Quen veu deseguida  
Foi o Coleté,  
Dixo alucinando,  
Pero isto que é?

O Nando pensou  
Aí ven outro listo,  
Por Díos non te botes  
Que armamos un Cristo.

No valeu de nada,  
Colleu carrerilla  
E foise empotrar  
No cu do Vaquilla.

Dicía o Demetrio  
Ó saber daquelo,  
Isto non o perdo  
Eu teño que velo.

Chegou o curral,  
Jasus vaia tela,  
Xa eramos poucos  
E pariu a abuela.

Con moito coidado  
Sacou o pantalón,  
Meteuse en porretas  
Entre o mogollón.

Non sei si por gusto  
Ou por casualidad,  
Xa estaba no pozo  
Medio Matama.

Pasou por alí  
O Moncho tan pancho,  
Aí non me meto  
Por que igual me mancho.

Carallo Macario,  
Díxolle o Silvino,  
Pra pedir o voto  
Andabas máis fino.

Eu teño mau neso,  
Aviso ós civiles  
E chamo ós bomberos  
Que vos saquen iles.

Alí non foi naide  
Nin falta que fixo,  
O que non saíu  
Foi por que non quixo.

Xa vedes que veño bravo  
Que non me paro en rebaixas,  
As alforxas voullas dar  
Para o Marcos o dá caixa.

Ten un can que, díos me libre,  
Cousa igual nunca vos vin,  
Nin a Lasy ni o Scubi,  
Nin o mesmo Rintintín.

Despois do que me contaron  
Xa o teño comprobado,  
O famoso can do Bien  
Non era nada ó seu lado.

Vai de xira pro regueiro  
E se ve roupa estendida  
As bragas e sujetadores  
Apáñallos pra Lucia.

Arnejado sexa o demo,  
Eu non sei como se apaña,  
Será de casualidade  
Pro sempre acerta coa talla.

O non ver cousa de xeito  
Vota mau dalgún farrapo,  
Non é para outro ninguén,  
Iso lévallelo o Paco.

Si entra en algún poleiro  
E apañara algunha pita  
Vai con ela pra casiña  
Entregarlla á Marujita.

O marcos xa o ten adestrado  
Por si fai unha trasnada,  
Ou me tras cartos fresquiños,  
Ou senón non quero nada.

Díxome un día a Filocha,  
Anda negro o Severino  
Que lle marchou cun calzón  
Que ten de lana moi fino.

O Couquela tamén tiña  
Un condón alí a secar,  
Deses de varios usos,  
E deixouno a asubiar.

-----  
O Lisardo do Carrizo  
Que ven desde Barcelona,  
Cómo nunca lle dou nada  
Díxome que era unha mona.

Pois mecajo no carallo,  
Este ano vas ir farto,  
Doulle os collóns do burro  
Que eran de quilo e cuarto.

Cómo ti e a túa muller  
Cada ano me invitades,  
Lavade tamén a pirola  
A ver si así vos fartades.

Ás fillas non lles dou nada  
A cousa é tal cómo é,  
A máis vella si quere a gaita  
Que lla dea aquí o Végé.

-----  
Este ano hai alguén  
Que se me escape non quero,  
Ese home non é outro  
Que o Paco Colmenero.

Sae ás tantas da maña  
Moi ben vestido da casa,  
Co seu traxe dás avellas  
Parece un dos da N.A.S.A.

Xa me ten dito a muller,  
Cando é o mes de agosto  
Non saca o traxe pra nada  
Ata dorme con il posto.

Pois logo, manda carallo,  
Non usa preservativo  
Pon o traxe de astronauta  
E xa queda recluído.

Entonces pra que non ladre,  
Aí lle dou o cabeceiro  
Que o axeite no seu traxe  
E lle sirva de sombreiro.

-----  
Non me podó esquecer  
Do Ñuco de Souteliño,  
Se queda este ano sen nada  
Entón úntame o fociño.

O domingo de Entroido  
Seica todo se enfadou  
Quería por o Peliqueiro  
Pro a Isolina non o deixou.

Pero onde vas? Díxolle ela,  
Se xa non vales pra nada,  
Que só con por a careta  
Hala sacar “jomitada”.

Dáme igual que non queirades  
Eu heino de encadear.  
Toma logo as ferraduras  
Que non vaias patinar.

-----  
Doulle o pelo ós da montaña  
Que entre todos suman dez  
Correchouso, Cervedelo,  
O Navallo, Camba e Trez.

O Pereiro, a Alberguería,  
Toro, as Eiras e o Santo,  
Xa os acabei de contar  
E tampouco tardei tanto.

E logo ós do Val de Laza  
Voulle deixar as espuelas,  
Para Castro, Naveaus,  
Villamea e Tamicelas.

Os riles, non teño dudas,  
Son pra Carraxo es Soutelo,  
E a cincha pra que se amarren,  
Retorta, Matamá e Arcucelos.

Con isto non me din conta  
Que vai rematando a festa  
Os cagallóns son para min  
E para os músicos da orquestra.

Como nunca lle dou nada  
Marchan de aquí escaldados,  
E van dicindo por aí  
En Laza son uns agarrados.

Tocaron todos moi ben,  
Deixáronme moi contento,  
Pido pra eles un aplauso  
E o meu agradecemento.

Estarán dicindo eles,  
O do aplauso é un gran honor,  
Pro se foran 100 euriños  
Gustábachenos mellor.

-----  
Cando chega este momento  
Váiseme a voz apagando,  
Sen querer imos sentindo  
Que o final vaise achegando.

Vervos a todos aquí,  
Dende o último ó primeiro  
Faime sentir ese orgullo  
De ser o Testamenteiro.

De ser un cacho do Costiña  
Do Amado e do Sarreaus,  
Por iso ó estar aquí arriba  
Tamén me tremen a maus.

Do Xirelo e do Cheto,  
Do meu mestre o Alfredito,  
Tomei o relevo desles  
Por que así estaba escrito.

Hoxe ríndolle homenaxe  
Aqueles Testamenteiros  
Que en cada martes de Entroido  
Chegaban cos Peliqueiros.

Síntome un privilexiado  
Por saber o que se sinte,  
Cando ves sobes alegre,  
Cando marchas, marchas triste.

En honra a todos eles  
Aprendín unha lección,  
En Laza é Testamenteiro,  
Pra alí abaixo “el del pregón”.

Este é un Entroido único  
Que non ten comparación  
Escoitade tocar os chocos  
A ver se non teño razón.

Ter non teremos reina,  
Pois fíxate ti que pena,  
Se un día precisamos tela  
Aí está entón a Morena.

Si queremos unha miss,  
Aquí hai a leche en verso,  
A tia Ramira Lixeira  
Podía ser miss universo.

Vouvos dicir outra cousa,  
É que vós non vos fixades,  
Pro en títulos nobiliarios  
Temos aquí o que queirades.

Mirade que non invento,  
Que isto non é cousa miña,  
Empezamos por arriba  
Alí están os da Reiniña.

Aí na canella de Vales  
Xa o sabedes, ben o sei,  
Todos nos damos de conta  
Que é onde viven os do Rei .

Pra os asuntos de palacio  
En plan organizador  
Tiñamos aquí ven cerca  
A casa do Gobernador.

E vouvos dicir tamén  
Sen medo a que me trabuque  
Que alá en Cimadevila  
Están todos os do Duque.

Nunca faltou de nada  
Esta o pobo cumprido  
E nos temas militares  
Tamén está defendido.

Vixiando como lince  
Aí por cada esquiniña,  
Sempre co ollo guicho  
Andaban os do Guerriña.

Por se iso fora pouco,  
Pra acabar de rematala,  
Eu deso non che me acordo,  
Estaba a tia Generala.

-----  
Rematou o Testamento  
Dou grazas a toda a xente,  
Se vos gustou aplaudide  
E senón dádeme quente.

Facede tremer a Picota,  
Facede espertar esta praza,  
Apertade os puños forte,  
Peliqueiros sodes de Laza.

Veciños xuntádevos todos,  
Sacade do peito esa raza,  
Gorxas berrade conmigo,  
VIVA O ENTROIDO DE LAZA!!

**Un martes de Entroido en LAZA**  
**24 de Febreiro do 2009**

